


BOLSAS DE COMEDOR, ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES.

Curso 2025-2026



CONCEPTO

Concesión de **bolsas de comedor, material escolar e actividades extraescolares** para unidades de convivencia do Concello de Santiago de Compostela, que teñan menores de idade ao seu cargo escolarizados en:

- Centros sostidos con fondos públicos, tanto de educación infantil (segundo ciclo) como de educación primaria.
- Ou en centros de educación especial (neste caso para infantil, primaria e ESO)
- E que estean matriculados ou teñan reserva de praza para o curso 2025/2026.



MODALIDADES



Bolsas para unidades familiares e de convivencia con escaseza de recursos económicos:

✦ **Bolsas para sufragar gastos de comedor:** con criterio xeral, serán de ata 100 €/mes (10 meses, setembro 2025 a xuño 2026), agás importes inferiores. Por outra banda, as nenas e nenos escolarizados en Centros de Educación Especial, a bolsa poderá ascender ata 180 €/mes.

✦ **Bolsas para a realización de actividades extraescolares:** ata 30 €/mes, para actividades de 2 horas ou de 2 días á semana, e ata 15 €/mes, para actividades de 1 hora ou de 1 día á semana (9 meses, outubro 2025 a xuño 2026).


Bolsas para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

✦ **Bolsas para sufragar gastos de comedor:** por importe de 45,00 €/mes, (10 meses, setembro 2025 a xuño 2026).

 **Bolsas para a adquisición de material escolar.** Concederanse ata 100 €/mes, para alumnado de 2º ciclo de Infantil, agás importes inferiores.


ANÁLISE COMPARATIVO

ANÁLISE COMPARATIVO ENTRE O NÚMERO DE EXPEDIENTES DOS ÚLTIMOS CURSOS



CURSOS

ANÁLISE COMPARATIVO ORZAMENTARIO DOS ÚLTIMOS CURSOS



A modo de conclusión... Que **novidades** ten esta convocatoria?



- Mantense o crédito destinado á convocatoria.
- **Mantéñense as bolsas para o alumnado de Centros de Educación Especial**, tanto para infantil, primaria como secundaria, ca mesma contía de 180€/mes.
- **Mantéñense os importes mensuais das bolsas de comedor escolar de conciliación, e o importe mensual das bolsas de actividades extraescolares.**
- Aumentase o importe das bolsas de comedor pola modalidade de escaseza de recursos que pasa a ser de 100 €/mes, en lugar de 90€.
- O prazo para **xustificar as bolsas de material escolar** será ata o día 30 de setembro.
- As entidades colaboradoras xustificarán as bolsas de comedor e actividades en 4 períodos, facilitando a xestión, en lugar de mes a mes.
- **Os cambios de centro escolar con respecto ao indicado na solicitude**, debe ser indicado con data límite o 15/07/2025 para ser efectivo dende o primeiro día de curso, en caso contrario, non será tido en conta o cambio ata o 01/11/2025.



O prazo para a presentación de solicitudes será de 10 días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación no BOP de A Coruña.

Haberá información ao respecto na páxina web do concello (www.santiagodecompostela.gal) e na dos Servizos Sociais (<https://servizossociais.santiagodecompostela.gal/>)

Co fin de facilitar a xestión deste recurso...

 De luns a venres, de 9,30 a 11 horas, nos diferentes Puntos de atención de Servizos Sociais:

 Centro municipal de Servizos Sociais, rúa Isaac Díaz Pardo, nº 2-4. Galeras.

 Casa de Asociacións de Benestar Social (CABES), rúa Manuel María, nº 6, Salgueiriños.

 Centro Sociocultural das Fontiñas, rúa Berlín, nº 13. Fontiñas.

 Centro Sociocultural do Ensanche, rúa Frei Rosende Salvado, nº 14-15.

INFORMACIÓN

BOLSAS MUNICIPAIS

**COMEDOR ESCOLAR,
ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E
MATERIAL ESCOLAR**



CONCELLO DE SANTIAGO

SERVIZOS SOCIAIS